



## Parte da proba de acceso substitutiva do bacharelato para ensinanzas artísticas/deportivas

# Materia: Historia de España

<b>Grao</b>	SUPERIOR	<b>Data</b>	31/05/2022	<b>DNI/NIF</b>	
<b>Alumno/a</b>					
<b>Cualificación</b>					

### INSTRUCCIÓN

#### Formato

A proba consta, en primeiro lugar, de 10 exercicios tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta a cada pregunta tipo test na táboa de solucións ao final do caderno. En segundo lugar deberá ler con detemento o documento proposto para abordar, a continuación, a análise e comentario do mesmo, contestando ás preguntas que guían o seu desenvolvemento.

#### Puntuación

#### Total: 10 puntos.

- Test: cada resposta correctamente contestada sumará 0,70 puntos. As respostas incorrectas ou en branco non suman nin restan puntuación. A cualificación máxima deste apartado é 7 puntos.
- Comentario de texto: cualificarase cun máximo de 3 puntos. Valorarase a expresión ordenada das ideas, a identificación dos elementos significativos básicos, así como a capacidade de análise e relación có momento actual.

#### Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora).

#### Execución

As respostas ás cuestións tipo test indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

#### Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

#### Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

## Parte 1

---

1. O nacemento da futura Isabel II complica, aínda máis se cabe, o panorama político do reinado de Fernando VII. Ante iso o Rei proclama a "Pragmática Sanción" que vén revogar unha vella lei que impedía en España gobernar ás mulleres. Que lei era esa?

*El nacimiento de la futura Isabel II complica, aún más si cabe, el panorama político del reinado de Fernando VII. Ante ello el Rey proclama la "Pragmática Sanción" que viene a revocar una vieja ley que impedía en España gobernar a las mujeres. ¿Qué ley era esa?*

a) Os Decretos de Nova Planta.  
*Los Decretos de Nueva Planta.*

b) Código das Sete Partidas.  
*El Código de la Siete Partidas.*

c) Lei Sálica.  
*Ley Sálica.*

2. No período que transcorre entre 1833 e 1868, prodúcese en España a implantación do liberalismo, nun complicado proceso histórico que se iniciou cunha cruenta guerra civil. Identifique a opción que corresponda a este acontecemento:

*En el período que transcurre entre 1833 y 1868, se produce en España la implantación del liberalismo, en un complicado proceso histórico que se inició con una cruenta guerra civil. Identifique la opción que corresponda a este acontecimiento:*

a) Guerra de Sucesión.  
*Guerra de Sucesión.*

b) Guerra de Independencia.  
*Guerra de Independencia.*

c) Guerra Carlista.  
*Guerra Carlista.*

3. En 1844, como substitución moderada da Milicia Nacional e coa misión da defensa da propiedade e a orde, o Duque de Ahumada fundou:

*En 1844, como substitución moderada de la milicia nacional y con la misión de la defensa de la propiedad y el orden, el Duque de Ahumada fundó:*

a) A Policía Nacional.  
*La Policía Nacional.*

b) A Garda Civil.  
*La Guardia Civil.*

c) A Garda Nacional.  
*La Guardia Nacional.*

4. Como se coñeceu durante a "Restauración" á trama de corrupción política que manipulaba as eleccións en cada distrito, xa fose coaccionando o voto dos cidadáns, ou, directamente, cambiando o resultado das urnas?

*¿Cómo se conoció durante la Restauración a la trama de corrupción política que manipulaba las elecciones en cada distrito, ya fuera coaccionando el voto de los ciudadanos, o, directamente, cambiando el resultado de las urnas?*

a) Voto aprobatorio.

*Voto aprobatorio.*

b) Rexeneracionismo.

*Regeneracionismo.*

c) Caciquismo.

*Caciquismo.*

5. A finais do S. XIX, o sistema da Restauración viuse sacudido por unha forte crise, provocada pola guerra colonial e a perda dos últimos restos do imperio ultramarino. Paralelamente, España viuse envolvida nunha crise interna, froito do que os coetáneos denominaron o...

*A finales del S.XIX, el sistema de la Restauración se vio sacudido por una fuerte crisis, provocada por la guerra colonial y la pérdida de los últimos restos del imperio ultramarino. Paralelamente, España se vio envuelta en una crisis interna, fruto de lo que los coetáneos denominaron el...*

a) "Desastre".

*"Desastre".*

b) "Terror".

*"Terror".*

c) "Cataclismo".

*"Cataclismo".*

6. O 12 de setembro de 1923 tivo lugar un Golpe de estado que triunfou grazas ao silencio primeiro e ao apoio, máis tarde, de Alfonso XIII, quen o día 14 encargou formar goberno ao seu promotor, o xeneral:

*El 12 de septiembre de 1923 tuvo lugar un Golpe de Estado que triunfó gracias al silencio primero y al apoyo, más tarde, de Alfonso XIII, quien el día 14 encargó formar gobierno a su promotor, el general:*

a) Miláns del Bosch.

*Miláns del Bosch.*

b) Franco.

*Franco.*

c) Primo de Rivera.

*Primo de Rivera.*

7. Tras a proclamación da Segunda República, o 14 de abril de 1931, un dos debates que a sociedade española tiña pendente saíu á palestra no Congreso dos Deputados en proxecto da Comisión Constituínte: O sufraxio feminino. Identifique o nome da deputada que defendeu esta causa e conseguiu a súa aprobación:

*Tras la proclamación de la Segunda República, el 14 de abril de 1931, uno de los debates que la sociedad española tenía pendiente salió a la palestra en el Congreso de los Diputados en proyecto de la Comisión Constituyente: El sufragio femenino. Identifique el nombre de la diputada que defendió esta causa y consiguió su aprobación:*

a) Vitoria Kent.

*Vitoria Kent.*

b) Clara Campoamor.

*Clara Campoamor.*

c) Pilar Primo de Rivera.

*Pilar Primo de Rivera.*

8. En xaneiro de 1940, meses despois de concluír a Guerra Civil, instalouse en todo o territorio nacional as chamadas cartillas de racionamento. Que se pretendía controlar mediante estas?

*En enero de 1940, meses después de concluir la Guerra Civil, se instaló en todo el territorio nacional las llamadas cartillas de racionamiento. ¿Qué se pretendía controlar mediante estas?*

a) A presenza de milicianos republicanos infiltrados no bando nacional.

*La presencia de milicianos republicanos infiltrados en el bando nacional.*

b) O pago de impostos para contribuír á reconstrución do país.

*El pago de impuestos para contribuir a la reconstrucción del país.*

c) O consumo de produtos de primeira necesidade.

*El consumo de productos de primera necesidad.*

9. En 1957 ou novo goberno de Franco incluíu algúns homes próximos ao Opus Dei que desenvolveron actuacións aperturistas en materia económica e conservadoras en temas político- sociais. Recibiron o cualificativo de:

*En 1957 el nuevo gobierno de Franco incluyó algunos hombres próximos al Opus Dei que desarrollaron actuaciones aperturistas en materia económica, y conservadoras en temas político-sociales. Recibieron el calificativo de:*

a) Tecnócratas.

*Tecnócratas.*

b) Falanxistas.

*Falangistas.*

c) Radicais.

*Radicales.*

10. En 1975, Marrocos aproveitou a debilidade do goberno de Franco para ocupar a provincia española do Sáhara e reivindicar a súa soberanía. Como se coñeceu este plan marroquí?

*En 1975, Marruecos aprovechó la debilidad del gobierno de Franco para ocupar la provincia española del Sahara y reivindicar su soberanía. ¿Cómo se conoció este plan marroquí?*

a) Asedio do deserto.

*Asedio del desierto.*

b) Movemento de liberación.

*Movimiento de liberación.*

c) Marcha verde.

*Marcha verde.*

## Parte 2

---

### Comentario de texto

#### O ESPÍRITO DA CONSTITUCIÓN

Como declarou en Madrid Maurice Duverger "*a mellor Constitución para un país é aquela que non satisfai plenamente a todos os grupos políticos, pero que tampouco lles desgusta do todo*". O compromiso de todos os partidos presentes no Parlamento era farto problemático por definición. Case se lle podería definir como unha carambola a seis bandas: UCD, PSOE, AP, PCE e minorías vasca e catalá. O pacto constitucional era non só desexable, senón imprescindible, polo menos na medida precisa para que a Constitución non "desgustase do todo" a ningunha forza política importante... Pero o consenso non é, doutra parte, unha medicina milagrosa que se poida aplicar en todo tempo e lugar sen que sufra trastornos a vida democrática. E, por último, a gran cuestión que queda aberta é se a transacción constitucional levada a cabo, que é reflexo dunha conxuntura parlamentaria pasaxeira ( e, por suposto, non repetible ao cento por cento en próximas legislaturas), dunha situación que se ten de esfumar co transcurso do tempo, tense en pé por si mesma, posúe a suficiente lóxica interna, merece un xuízo positivo desde a óptica da ciencia xurídico-política, vai permitir que o país sexa ben gobernado con progreso, paz, xustiza e liberdade, e, en suma, vai obter o respecto profundo da totalidade do noso pobo e mesmo o das próximas xeracións.

Javier Tussell

#### EL ESPÍRITU DE LA CONSTITUCIÓN

*Como declaró en Madrid Maurice Duverger "la mejor Constitución para un país es aquella que no satisface plenamente a todos los grupos políticos, pero que tampoco les disgusta del todo". El compromiso de todos los partidos presentes en el Parlamento era harto problemático por definición. Casi se le podría definir como una carambola a seis bandas: UCD, PSOE, AP, PCE y minorías vasca y catalana. El pacto constitucional era no sólo deseable, sino imprescindible, al menos en la medida precisa para que la Constitución no "disgustase del todo" a ninguna fuerza política importante...Pero el consenso no es, de otra parte, una medicina milagrosa que se pueda aplicar en todo tiempo y lugar sin que sufra trastornos la vida democrática. Y, por último, la gran cuestión que queda abierta es si la transacción constitucional llevada a cabo, que es reflejo de una coyuntura parlamentaria pasajera ( y, por supuesto, no repetible al ciento por ciento en próximas legislaturas), de una situación que se ha de esfumar con el transcurso del tiempo, se tiene en pie por sí misma, posee la suficiente lógica interna, merece un juicio positivo desde la óptica de la ciencia jurídico-política, va a permitir que el país sea bien gobernado con progreso, paz, justicia y libertad, y, en suma, va a obtener el respeto profundo de la totalidad de nuestro pueblo e incluso el de las próximas generaciones.*

Javier Tussell

## Preguntas

### 1.- Resuma as principais ideas que identifique no texto.

Resposta aberta: Debe salientar a idea central na que basea todo o argumentario, que é a palabra "consenso". Ademais pode mencionar a importancia do sistema constitucional que garante o "Estado de Dereito" no que se fundamenta unha democracia, na que conviven diferentes ideoloxías representadas polos partidos políticos do arco parlamentario.

#### *1.- Resuma las principales ideas que identifique en el texto.*

*Respuesta abierta: Debe destacar la idea central en la que basa todo el argumentario, que es la palabra "consenso". Además puede mencionar la importancia del sistema constitucional que garantiza el "Estado de Derecho" en el que se fundamenta una democracia, en la que conviven diferentes ideologías representadas por los partidos políticos del arco parlamentario.*

### 2.- Exprese a súa opinión persoal sobre elas.

Resposta aberta: En todo caso resultaría convinte que se exprese o respecto pola pluralidade e a vontade de convivencia de xentes que pensan de maneira diferente, pero que poden e deben confrontar as súas ideas en paz e liberdade.

#### *2.- Exprese su opinión personal sobre ellas.*

*Respuesta abierta: En todo caso resultaría conveniente que se exprese el respeto por la pluralidad y la voluntad de convivencia de gentes que piensan de manera diferente, pero que pueden y deben confrontar sus ideas en paz y libertad.*

### 3.- Existe na actualidade algún grupo político partidario de cambiar a constitución do 78?

Resposta aberta: Na actualidade, pasados máis de 40 anos da aprobación da Constitución, a totalidade dos grupos que compoñen o actual Parlamento cren que se deben corrixir ou incorporar aspectos que o tempo ten deixado obsoletos no texto (a prevalencia do varón sobre a femia na sucesión á Coroa, por exemplo). Hai grupos que plantean cambios de importancia dentro da arquitectura constitucional (Vox cre que hai que modificar o sistema autonómico), e outros, como "Podemos" que ven na Constitución o referente do que refiren como "Régime do 78" que consideran un sistema caduco que se fundou sobre a reforma do Franquismo e buscan a ruptura que non se realizou no seu tempo.

#### *3.- ¿Existe en la actualidad algún grupo político partidario de cambiar la constitución del 78?*

*Respuesta abierta: En la actualidad, pasados más de 40 años de la aprobación de la Constitución, la totalidad de los grupos que componen el actual Parlamento creen que se deben corregir o incorporar aspectos que el tiempo ha dejado obsoletos en el texto (la prevalencia del varón sobre la hembra en la sucesión a la Corona, por ejemplo). Hay grupos que plantean cambios de importancia dentro de la arquitectura constitucional (Vox cree que hay que modificar el sistema autonómico), y otros, como "Podemos" que ven en la Constitución el referente del que refieren como "Régimen del 78" que consideran un sistema caduco que se fundó sobre la reforma del Franquismo y buscan la ruptura que no se realizó en su tiempo.*

## Historia de España

---

### Táboa de respostas do test

TÁBOA DE RESPOSTAS			
Nº	A	B	C
1			X
2			X
3		X	
4			X
5	X		
6			X
7		X	
8			X
9	X		
10			X

Preguntas tipo test	/ 7
Composición	/ 3
Total	/10